

europea de espacios naturais Natura 2000.

Rematámo-lo noso percorrido polo río cruzando un pequeno regato sobre una pasarela de madeira. Subimos, entón, pola pista forestal que da comezo no regato ata chegar a unha nova pista que baixa da esquerda e segue de fronte. Á altura deste cruce, no río, aínda funciona unha pequena explotación hidroeléctrica, chamada presa de Chicoreiras, que data da última república española, aínda que foi posteriormente restaurada durante a guerra civil.

Neste momento o camiño bifúrcase. Se queremos ve-lo aserradeiro de auga subiremos cara á esquerda por esta pista, para coller, 200 m máis arriba, unha corredoira que baixa á dereita. Esta corredoira, hoxe en desuso, era o camiño que levaba a Ourense, pasando por Godóns e A Graña e aínda hoxe podemos ve-las rodeiras que os carros



marcaron sobre o seu granito. Este antigo camiño comercial levaranos directamente ó aserradeiro dos carranos, serra movida pola forza da auga que nos recibe coa imponente vista da súa noria de varios metros de diámetro e que debe o nome ó principal produto da súa actividade, os carros.

Este aserradeiro foi construído hai uns oitenta anos, no lugar no que anteriormente se levantaba un muíño de auga, que daquela xa estaba derruído. O funcionamento do aserradeiro está baseado na forza que a auga imprime á noria, que é transmitida a través de poleas e correas a unha serra mecánica de cinta e a un pequeno cepillo, taladro e torno. O aserradeiro estivo en funcionamento ata hai poucos anos e aínda hoxe en día se utiliza para a fabricación de mobles para uso persoal.

Dende o aserradeiro continuaremos de fronte polo mesmo camiño polo que chegamos, entrando de seguida nunha pista asfaltada. Tras pasar dous grupos de casas e tres pequenas pistas (unha á dereita e dúas á esquerda) colleremos por unha pequena rúa á dereita que comeza xunto da Casa Barros; podemos deternos aquí para observar a arquitectura desta casa, hoxe en ruínas. A rúa acaba nunha pista cementada que baixa ata os pasos de San Breixo. Antes de chegarmos ós pasos, sen embargo, pasaremos un cruce de pistas onde deberemos seguir de fronte.

Se non queremos ve-lo aserradeiro dos carranos, colleremos á esquerda na bifurcación, seguindo o sinal que indica o camiño para os pasos de San Breixo. Este camiño leva de forma máis directa ata estes pasos, seguindo para iso a ladeira que baixa ata o río Tea. Nesta variante podemos admira-la imponente paisaxe dominada polas augas azuis do río no seu rápido descenso. Os últimos metros, xa baixando cara ós pasos de San Breixo, faremoslo por unha corredoira que atravesa prados e carballeiras.

Dende os pasos de San Breixo, seguiremos por un camiño que segue augas abaixo, para separarse de seguida do leito do regato de San Breixo. Tamén aquí poderemos ve-las rodadas dos carros que antigamente circulaban por este camiño. Tras un paseo de aproximadamente medio quilómetro sairemos á estrada que ven de Maceira cara a Pontevedra e pasa pola praia fluvial. Seguiremos esta estrada, cara a abaixo, para chegar á devandita praia, uns 250 m máis abaixo, non sen parar antes para contempla-lo barranco polo que baixa, axitado, o río Tea.

O Aserradeiro dos Carranos

O Aserradeiro dos Carranos foi construído aproximadamente en 1922. O conxunto do aserradeiro consta de catro edificacións: o aserradeiro propiamente dito, un sequeiro e almacén de madeira, unha pequena forxa e un

pequeno almacén. A dedicación principal deste conxunto era a fabricación de carros, dedicación á que debe o nome o aserradeiro e razón pola cal podemos atopar unha forxa, xa que os ferraxes para estes carros tamén se forxaban aquí.

O aserradeiro recibe auga do regato de Vixiáns, no cal se construeu unha pequena presa para facilita-la recollida de auga. Desta presa a auga canalízase a través de dúas comportas cara á levada que verte á noria. No tramo final desta levada unha última comporta permite abrir e cerra-lo paso da auga dende dentro do aserradeiro. A noria recibe a auga e transmite o seu movemento ó conxunto de rodas e correas de transmisión, que posteriormente moverán as máquinas (serra, torno e cepillo). A noria que podemos ver hoxe en día é a terceira que se monta e ten un diámetro aproximado de máis de seis metros.



Detalle da serra e carros fabricados no aserradeiro



A Ruta do Aserradeiro dos Carranos

A Ruta do Aserradeiro dos Carranos comeza o seu percorrido xunto da antiga casa rectoral de Fofe, hoxe en día restaurada e adicada a aloxamento de turismo rural. Diante mesmo da porta da devandita casa rural collemos un camiño cara á dereita, que baixa pegado ó muro de pedra da rectoral. Axiña chegaremos á unha pequena estrada que deberemos seguir cara á esquerda durante aproximadamente uns cen metros, ata atoparmos unha indicación que nos guía cara á dereita e uns metros despois cara á esquerda. Entramos así nunha corredoira estreita que baixa cara ó río Tea, deixando a ambos lados varios camiños e corredoiras. De entre éstas, destaca a corredoira que leva ó lugar de Fofe de Abaixo, que estaba cerrada pola vexetación ata hai ben pouco. A corredoira pola que andamos agora cara ó río era un antigo camiño de carros e, a pesar do seu mal estado actual de conservación, aínda se poden ver as grandes laxes marcadas polo paso continuo das rodas. Precisamente polo seu mal estado de conservación, esta corredoira baixa moita auga en primavera e inverno, polo que un bo calzado é moi importante.

Ó chegarmos ó río Tea vemos unha bonita ponte de pedra, aínda que por desgracia as pedras da súa baranda xacen no leito do río. Esta ponte é chamada a ponte romana, pero a súa orixe non é coñecida. Á outra beira do río podemos atopar un antigo muíño de auga, o Muíño da Ganza. A



Muíño da Ganza

pesar de estar en moi mal estado de conservación, aínda podemos atopa-las moas e disfrutar do singular entorno. Unha vez visitado o muíño continuamos o noso percorrido, seguindo polo camiño que os pescadores utilizan para achegarse á beira do río. Esta pequena senda serpentea augas abaixo, seguindo o percorrido do río Tea, baixo o dosel arbóreo do bosque ribeirán, tamén chamado bosque de galería. Estes bosques son de grande importancia, xa que presentan unha gran variedade de flora e fauna, moita da cal depende de ambientes húmidos e está restrinxida a estes medios. Hai que engadi-lo feito de que na actualidade estes bosques de ribeira son auténticos corredores que unen as escasas superficies de carballeiras e reboleiras autóctonas, permitindo así a circulación dos seres vivos entre estas illadas áreas. A importancia destes medios e o bo estado de conservación dos mesmos no río Tea motivaron a súa protección por parte da Xunta de Galicia, quedando, así mesmo, proposta para entrar na rede



RUTA DO ASERRADEIRO DOS CARRANOS




Vista do bosque ribeirán dende a ruta.



Amieiros (esq.) e biqueiros (dcha.) son as árbores máis representativas do bosque ribeirán.




A ruta ó seu paso por unha das aldeas que atravesia.




Perfil da ruta no seu percorrido total.



Toma de auga do aserradeiro (levada), é no fondo a noria.



Aspecto da ponte chamada "romana" sobre o río Tea.



Perfil da ruta sen visitar o aserradeiro.



O río Tea na parte final da ruta.